

**GUÍA ELECTORAL**

**ELECCIÓN XERAIS 2008**

## ÍNDICE

1. Voto por correspondencia dos/as residentes fixos no estranxeiro.....	3
2. Voto por correspondencia dos/as residentes temporais no estranxeiro.....	6
3. Voto por correspondencia do persoal embarcado.....	8
4. Normativa.....	11
5. Enderezos de interese .....	12
6. Ligazóns .....	13

# ELECCIÓN XERAIS 2008

## VOTO POR CORRESPONDENCIA DOS/AS RESIDENTES FIXOS NO ESTRANXEIRO

### QUEN PODE VOTAR

Poderán votar todos e todas os/as españois/as maiores de 18 anos inscritos previamente no Censo Electoral de Residentes no Estranxeiro (CERE) pechado a 1 de decembro de 2007.

- os/as electores/as inscritos/as no CERE que se atopen temporalmente en España durante o proceso electoral poderán solicitar (ao igual que os residentes en territorio nacional) o voto por correo a partir do día 15 de xaneiro e ata o 28 de febreiro de 2008. Este procedemento de voto non implica a súa baixa no Censo Electoral de Residentes no Estranxeiro.

### COMO EXERCER O DEREITO AO VOTO

1º. Envío da documentación electoral: para votar nas Eleccións Xerais, a Oficina do Censo Electoral remite de oficio a todas e todos os/as residentes que vivan no estranxeiro, a documentación necesaria para que poidan votar por correo, sen que sexa necesario que a soliciten os/as interesados/as. O envío da documentación realizarase entre os días 12 e 18 de febreiro; no caso de existir recursos de impugnación de candidatos, o prazo pode ampliarse ata o día 26 de febreiro. Esta documentación está composta por:

- O certificado de inscrición no CERE (censo electoral de residentes no estranxeiro).
- As papeletas e os sobres de votación.
- Un sobre no que debe figurar a dirección da Xunta Electoral Provincial.
- Unha folla explicativa.
- Un talón para encher polo/a elector/a para o reintegro dos gastos de franqueo orixinados polo envío do sobre contendo o seu voto, naqueles países nos que Correos teña subscrito convenio para poder depositar o voto sen necesidade de franqueo.

2º. Votación: a papeleta de voto escollida polo/a elector/a, será introducida no sobre de votación e despois pecharase. O sobre dirixido á Mesa Electoral conterá o sobre de votación e o certificado de inscrición no censo. Para o envío do sobre, existen dúas posibilidades:


➡ *Remitir o voto por correo certificado*: para a validez dos votos, é indispensable que conste claramente no sobre antedito, un selo, ou ben outra inscrición oficial duna oficina de correos do estado no que se atope o/a interesado/a nese momento, que certifique o cumprimento do requisito temporal.

**PRAZO PARA ENVIAR O VOTO POR CORREO CERTIFICADO:**

**Ata o sábado día 8 de marzo de 2008, inclusive.**

➔ *A través do Consulado:* entregar persoalmente o sobre no que debe constar claramente un selo ou inscrición que certifique o cumprimento do requisito temporal. Os/as electores/as deberán identificarse co seu pasaporte ou D.N.I en vigor ante o/a funcionario/a que reciba a documentación.

**PRAZO PARA ENTREGAR O VOTO NO CONSULADO:**



**Ata o domingo día 2 de marzo  
de 2008, inclusive.**

## VOTO POR CORRESPONDENCIA DOS/AS RESIDENTES TEMPORAIS NO ESTRANXEIRO

### QUEN PODE VOTAR

Todas as persoas residentes en España maiores de 18 anos, inscritas no Censo Electoral de residentes en España (CER), que se atopen fora do territorio nacional unha vez efectuada a convocatoria do proceso electoral (15 de xaneiro de 2008) e que teñan previsto permanecer nesa situación ata o mesmo día da votación (9 de marzo de 2008), poderán exercer o seu dereito a voto dende o exterior. Este procedemento beneficia aos/as estudantes no estranxeiro, aos que se atopan en viaxe de turismo ou de negocios, aos voluntarios/as das organizacións non gobernamentais, entre outros.

- **Nota importante:** todas aquelas persoas que desexen exercer o seu dereito a voto deben figurar **inscritas no Rexistro de Matrícula Consular**, correspondente á demarcación na que teñen o seu domicilio, **como non residentes**.

### COMO EXERCER O DEREITO AO VOTO

1º. Solicitud de exercicio do dereito de voto: os/as españois/as que se atopen temporalmente no estranxeiro e desexen participar no proceso electoral, deben solicitar a documentación necesaria para exercer o seu dereito a voto dende o estranxeiro á correspondente Delegación Provincial do Censo Electoral.

## PRAZO PARA SOLICITAR A DOCUMENTACIÓN ELECTORAL:

**A partir 15 de xaneiro de 2008 e non mais tarde do 9 de febreiro de 2008.**

- O impreso de solicitude poderá atopalo nas Oficinas Consulares ou nas Seccións Consulares da Embaixada.
- A solicitude cumprimentada deberá entregarse persoalmente na Oficina Consular ou Sección Consular da Embaixada no que se atope inscrito no Rexistro de Matrícula Consular como non residente.
- A Oficina Consular de carreira ou a Sección Consular da Embaixada remitirá a solicitude á Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral correspondente.

2º. Envío da documentación electoral: unha vez recibida a solicitude, a Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral enviará a documentación necesaria ao elector/a non mais tarde do 18 de febreiro e no caso de que se producira impugnación de candidaturas, non mais tarde do 26 de febreiro. Esta documentación está composta por:

- O certificado de inscrición no Censo Electoral de Residentes en España (CER).
- Papeletas e os sobres de votación.

- Sobre no que figure a dirección da mesa electoral que lle corresponda.
- Unha folla explicativa.
- Un talón para encher polo/a elector/a para o reintegro dos gastos de franqueo orixinados polo envío do sobre contendo o seu voto, naqueles países nos que Correos teña subscrito convenio para poder depositar o voto sen necesidade de franqueo.

3º. Votación: A papeleta de voto escollida polo/a elector/a, será introducida no sobre de votación e despois pecharase. O sobre dirixido á Mesa Electoral conterá o sobre de votación e o certificado de inscrición no censo, e debe **remitirse por correo certificado**. No sobre debe constar claramente un cuño ou inscrición oficial dunha oficina de correos do estado no que se atope o/a interesado/a nese momento, que certifique o cumprimento do requisito temporal.

**PRAZO PARA ENVIAR O VOTO:**



**Ata o día 5 de marzo de  
2008.**

## VOTO POR CORRESPONDENCIA DO PERSOAL EMBARCADO

O persoal dos buques da Armada, mariña mercante ou flota pesqueira de altura, abandeirados en España, que permanecera embarcado dende a convocatoria das eleccións ata a súa celebración e que durante dito período, toque portos previamente coñecidos, no territorio nacional, poderá exercer o seu dereito de sufraxio electoral da seguinte forma:

1º. Solicitud: a través do servizo de radiotelegrafía, poderase solicitar á Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral onde o interesado se atope inscrito, o certificado no Censo. A mensaxe constará dos seguintes datos:

1. Nome e apelidos do solicitante.
2. Número do documento nacional de identidade ou número de tarxeta de estranxeiro.
3. Data de nacemento.
4. Provincia e municipio de nacemento.
5. Municipio de residencia no que está incluído no Censo Electoral.
6. Rúa e número do seu domicilio.
7. Nome do buque no que se atope embarcado.
8. Porto ou portos no que teña previsto arribar o buque, con indicación das datas concretas nas que se produza.

A efectos de solicitude do voto por correo, os servizos de radiotelegrafía dos buques terán a consideración de dependencias do Servizo de Correos e os Comandantes e Capitáns ou o Oficial no que expresamente deleguen, a de funcionarios encargados da recepción da solicitude.

2º. Envío da documentación: a Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral correspondente, unha vez comprobada a inscrición do/a interesado/a, procederá a remitir ao seu nome, a documentación pertinente ao porto ou, no seu caso armador, consignatario ou buque que o/a elector/a designara, entre o 18 de febreiro e o 2 de marzo de 2008. Este envío se cursará con carácter gratuíto, posto que haberá de ir dirixido a un porto de territorio nacional. A documentación estará composta de:

- O certificado de inscrición no Censo.
- As papeletas electorais.
- Os sobres de votación.

3º. Votación: recibida polo/a elector/a esa documentación, procederá a remitir por correo certificado e urxente, desde calquera dos portos nos que o buque atraque, a documentación electoral correspondente á Mesa electoral na que corresponda votar, con carácter gratuíto *ata o día 5 de marzo de 2008*.

## NORMATIVA

- Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral.
- Real Decreto 605/1999, de 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais.
- Real Decreto 3425/ de 15 de decembro, sobre inscrición dos españois nos Rexistros de Matrícula Consular das Oficinas Consulares no estranxeiro.
- Real Decreto 1382/2002 de 20 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 605/1999 de 16 de abril de regulación complementaria dos procesos electorais.
- Real Decreto 1621/2007 de 7 de decembro de 2007, polo que se regula un procedemento de votación para os cidadáns que se atopan temporalmente no estranxeiro.
- Orden FOM/28/2008 de 17 de xaneiro, pola que se ditan normas de colaboración do servizo de correos nas eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado e nas eleccións ao Parlamento de Andalucía.

## ENDEREZOS DE INTERESE

### **DELEGACIÓNS PROVINCIAIS DO INE: Oficinas do Censo Electoral**

#### **Delegación do INE na Coruña:**

Rúa Adelaida Muro nº 12, baixo

CP: 15002, A Coruña

Teléfono: 981 21 74 26

#### **Delegación do INE en Ourense:**

Rúa Sáenz Díez, nº 42

CP: 32003, Ourense

Teléfono: 988 21 18 69

#### **Delegación do INE en Lugo:**

Rúa Pintor Corredoira, nº 1

CP: 27002, Lugo

Teléfono: 982 28 46 00

#### **Delegación do INE en Pontevedra:**

Rúa Iglesias Villaverde, nº 2

CP: 36001, Lugo

Teléfono: 986 86 85 00

## LIGAZÓNS

Ministerio del Interior: [www.elecciones.mir.es](http://www.elecciones.mir.es)

Instituto Nacional de Estadística: [www.ine.es/censoe/menucenso.htm](http://www.ine.es/censoe/menucenso.htm)

Correos de España: [www.correos.es](http://www.correos.es)